



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 26 de febreiro de 2015, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

#### “Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Parcial Sector SUD-2 “Xentiña” (Maianca)”

“Polo equipo redactor da Asociación de Propietarios do SUD-2, preséntase documento nº 1101 de 02.02.2015, para a aprobación definitiva do mesmo.

O Plan Parcial aprobouse inicialmente por Resolución nº 344/14 de 30 de xaneiro, coa condición de incluír no apartado 5.1 da Memoria, recollendo a aplicación do art. 86 da ordenanza municipal para obras de urbanización e recepción das mesmas, en orde á conservación das obras de urbanización polos propietarios dos soares constituídos en entidade de conservación, co obxecto de responder dos danos ocasionados con ocasión da edificación de soares.

O documento expúxose ao público e audiencia dos interesados por prazo de 1 mes mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia nº 35, de data 20.02.2014 e nos xornais EL IDEAL GALLEGO e LA VOZ DE GALICIA de data 12.02.2014 e 11.02.2014, respectivamente. Tamén notificouse a todos os titulares catastrais do ámbito.

De conformidade cos informes favorables do arquitecto municipal de data 10.02.2015 e da coordinadora de servizos urbanísticos de data 12.02.2015, sobre cumprimentación da tramitación, ao Concello Pleno propónse que adopte acordo co seguinte contido:

**Primeiro.-** Aprobado definitivamente o documento denominado PLAN PARCIAL SECTOR SUD-2 “XENTIÑA”, en MAIANCA-SERANTES, doc. refundido de 02.02.2015 nº 1101, que comprende: memoria comprensiva de memoria xeral na que figuran incorporados os informes técnicos municipais, informes de empresas de servizos, informes administracións sectoriais e informes de alegacións presentadas; normativa; plan de etapas; estudo económico; memoria de sostibilidade económica; estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico; planos de información (15 planos) e planos de ordenación (15 planos), instalacións (8 planos), ESA (ESA-01 Vexetación, ESA-02 Unidades Ambientais) e plano xustificación da propiedade; cos seguintes parámetros:

Parámetros	Plan Parcial
Superficie Sector	52.204,84 m <sup>2</sup>
Superficie excluída sistemas xerais viarios existentes	51.669,64 m <sup>2</sup>
Densidade de referencia	208 viv , 40 viv/Ha
Edificabilidade bruta	25.522,08 m <sup>2</sup> 0.493947 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Alturas	Colectiva en B + 2 Unifamiliar en B + 1
Variante de Mera	3.784 m <sup>2</sup>
DEP 49 (deportivo Dexo)	12.546,51 m <sup>2</sup> .

Coa redución da porcentaxe de reserva de vivenda protexida aprobada no Pleno de 09.07.2014 o reparto de usos queda :



CONCELLO DE  
OLEIROS

Uso	m <sup>2</sup> aproveitamento
Vivenda colectiva de protección	3.054,99 m <sup>2</sup>
Vivenda colectiva libre	7.153,84 m <sup>2</sup>
Vivenda unifamiliar	15.313,25 m <sup>2</sup>
TOTAIS	25.522,08 m <sup>2</sup>

**RESERVAS DE SISTEMAS LOCAIS:**

Espazos libres públicos, parques, xardíns,...: 5.260'46m<sup>2</sup>; equipamento comunitario: 2.565'75m<sup>2</sup> e aparcadoiros: 510 total prazas e 166 en vía pública, mais 50 prazas en aparcamento estacional.

E as seguintes condicións:

- No momento de desenvolvemento do proxecto de urbanización, este deberá ser autorizado polo Servizo Provincial de Infraestruturas de A Coruña.

- No momento de desenvolvemento do proxecto de urbanización, este deberá ser autorizado por Augas de Galicia segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

**Segundo.**- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa (páxinas da 1 a 19 ambas inclusive + plan de etapas) no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.**- Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), dándolle traslado dunha copia auténtica de dous exemplares do PLAN PARCIAL SUD-2“XENTIÑA”, MAIANCA-SERANTES, doc. refundido nº 1101 de 02.02.2015, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello e en soporte vectorial (DWG,DXF ou DGN) ou SHAPE, xeoreferenciado sen protección e con identificación de códigos, así mesmo, no proxecto de normas vectorial, tódolos ficheiros deberán depender dun directorio “:\nome do proxecto” a fin de dar cumprimento á instrución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

**Cuarto.**- Remitir un exemplar do documento de plan parcial aprobado definitivamente xunto á certificación do acordo plenario de aprobación definitiva á Dirección General de Aviación Civil.

**Quinto.**- Dilixenciar o documento PLAN PARCIAL SUD-2“XENTIÑA”, MAIANCA-SERANTES, doc. refundido nº 1101 de 02.02.2015

**Sexto.**- Arquivar o documento de data 12.12.2013 e nº de entrada 16886, ao quedar substituído polo que se aproba.

**Sétimo.**- Publicar na Web municipal o acordo de aprobación definitiva.

**Oitavo.**- Notificar á Asociación de Propietarios do SUD-2 “XENTIÑA”, recordándolles que no prazo de 2 meses a contar desde a notificación, deben presentar o proxecto de estatutos e bases de actuación, para a constitución da Xunta de Compensación.

**Noveno.**- O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta Oleiros, 2 de marzo de 2015.-

Vº e Prace  
**O alcalde,**  
Angel García Seoane

